“Detectado un erro na redacción do acordo adoptado na Xunta de Goberno Local realizada en data 13.05.2020, relativo ó expediente nº 725/2020, no que se concede licenza de parcelación no sentido en que, no punto primeiro donde di: “...Desta parcelación resultan as seguintes parcelas netas; parcela 1 de 1.627,71 m2, na cal existe unha edificación adicada a vivenda, un garaxe e un almacén, parcela 2 de 1.209,95 m2, a parcela 3 de 1.690,00 m2. “, de acordo co proxecto técnico elaborado pola arquitecta M.T.F.I. de data febreiro de 2020, debe dicir: “Desta parcelación resultan as seguintes parcelas netas; parcela 1 de 1.627,71 m2, na cal existe unha edificación dedicada a vivenda, un garaxe e un almacén, parcela 2 de 1.209,95 m2, a parcela 3 de 1.690,17 m2.”.

Aoa abeiro do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, PROPOÑO rectificar dito acordo quedando da seguinte maneira:

EXPEDIENTE Nº 725/2020.- Vista a solicitude de licenza de parcelación urbanística que promove, J.C.P., titular do DNI nº ***3126** en data 5 de febreiro de 2020, consistente en parcelar unha finca inicial de 4527,82 m2, referencia catastral X, sita en Baixada a Viñó-O Hío, en tres parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado pola arquitecta M.T.F.I. de data febreiro de 2020.

Vistos os informes técnicos, proponse á Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Autorizar a parcelación urbanística solicitada J.C.P., consistente en parcelar unha finca inicial de 4.527,82 m2, referencia catastral X, sita en Baixada a Viñó- Hío en tres parcelas resultantes, de conformidade co proxecto técnico elaborado pola arquitecta M.T.F.I. de data febreiro de 2020.

Desta parcelación resultan as seguintes parcelas netas; parcela 1 de 1.627,71 m2, na cal existe unha edificación adicada a vivenda, un garaxe e un almacén, parcela 2 de 1.209,95 m2, a parcela 3 de 1.690,17 m2 esta parcela está clasificada como SNUPF, polo que en aplicación do artigo 150.6 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do chan de Galicia, se engloba no suposto de innecesariedade de parcelación.

SEGUNDO.- Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos conlevará a obriga da cesión libre de cargas dos terreos situados fora aliñacións establecidas polo planeamento. Neste suposto a parcelación formalizouse en escritura pública formalizada perante o Notario J.C.P. en data 18 de agosto de 1999”.





A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 6360/2019. Expediente de restauración da legalidade urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 03.06.2020 da alcaldía, referente ao expediente nº6360/2019 de restauración da legalidade urbanística, que é como segue:

"Expediente núm.: 6360/2019

Procedemento: PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA XGL DE INCOACION SANCIÓN

Documento asinado por: O Alcalde

Resultando que no lugar de en Lubrei - O Hío, na parcela con referencia catastral X, polos responsables que se indican nesta resolución iniciouse a execución de obras sen a preceptiva licenza municipal consistentes en: realizar un soto arrimado ao lindeiro.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados, J.M.O.P., promotor.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística, segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia, que pode tipificarse en principio como GRAVE, segundo o sinala o artigo 158.3 da mesma norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre seis mil un euros e sesenta mil euros (6001 e 60.000 €), de acordo co establecido no art. 161.1.b) da referida Lei 2/2016, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro desta Lei reduciranse na súa contía nun 50%, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade coa sanción e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ao 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c) da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 17 de xullo de 2019 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a J.M.O.P. por infracción urbanística, de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución; realizar un soto arrimado ao lindeiro, sen licenza para iso.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instrutor do procedemento sancionador a M.R.G., sendo secretario deste o do Concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de





febreiro, do chan de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar ao interesado o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016, de recoñecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe impoñerse no caso de que repoña por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución aos interesados (de selo caso ao denunciante), indicándolles que disporán dun prazo de QUINCE DÍAS para achegar cantas alegacións, documentos e informacións estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como proposta de resolución.

SEXTO.- Advertir ao interesado que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.

SÉTIMO.- Notifíquese o acordo ao interesado, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interpor o que estime mais conveniente".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

Expediente 2459/2020. Servizo de teleasistencia ou axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de axuda no fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

CONCEDERLLE a E.D.R. con DNI: ***2019** e con expediente 36008/01/003615 – 78386 o Servizo de axuda no fogar a través da quenda de dependencia, e de acordo ós seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo do servizo total: catrocentos vinte e tres euros con oitenta e cinco céntimos (423,85 €) (12'11€/hora).

Achega económica da persoa usuaria: cento cincuenta e catro euros con trinta e cinco céntimos (154,35 €/mes).

Número de horas: 35 horas.





Data de efectos de alta no SAF: a partir do 15 de xuño de 2020.

Expediente 1551/2020. Proposta da alcaldía s/solicitude de segunda axuda á Deputación de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos-Liña II

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 02.06.2020 da alcaldía, referente á solicitude de segunda axuda á Deputación de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos - Liña II, que é como segue:

"Número de expediente: 1551/2020

Asunto: solicitude de segunda axuda á Deputación de Pontevedra con cargo ao Plan de Obras e Servizos-Liña II

PROPOSTA

SOLICITUDE DE SEGUNDA AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS 2020) LIÑA 2- AMORTIZACIÓN, PAGAMENTO DE DÉBEDAS E GASTOS CORRENTES

Publicadas no BOPPO nº 1 de data do 02-01-2020, as bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020 da Deputación Provincial de Pontevedra.

Publicado no BOPPO nº 103, de data do 01-06-2020 a modificación das bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2020, polas causas excepcionais derivadas do estado de alarma, redáctase memoria para TRATAMENTO DE RESÍDUOS SÓLIDOS URBANOS, cun importe total de cento cincuenta e tres mil novecentos cincuenta e dous euros con corenta e sete céntimos (153.952,47 €).

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobar a memoria descritiva para TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, polo importe total de cento cincuenta e tres mil novecentos cincuenta e dous euros con corenta e sete céntimos (153.952,47 €).

Segundo.- Solicitar axuda para a LIÑA 2- Amortización, pagamento de débedas e gastos correntes (Tratamento de residuos sólidos urbanos), polo importe de cento cincuenta e tres mil novecentos cincuenta e dous euros con corenta e sete céntimos (153.952,47 €).

Terceiro.- Declarar que o Concello de Cangas, para esta segunda actuación que se inclúe na Liña-2, non solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda aprobar integramente a proposta transcrita.





Expediente 1265/2020. Proposta da alcaldía s/aprobación de expediente de contratación "C20/11_Servizo de iluminación ornamental"

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este asunto quedou sobre a mesa pendente de ampliación de documentación para mellor estudo.

Expediente 2843/2017. Proposta da alcaldía s/finalización do contrato do servizo de bar-cafetería do centro sociocomunitario

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este asunto quedou sobre a mesa pendente de ampliación de documentación para mellor estudo.

Expediente 2185/2020. Proposta do concelleiro de urbanismo e medio ambiente s/solicitud de axuda á Consellería de Medio Ambiente para a redacción de PACES (código MT210A)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 03.06.2020 do concelleiro de urbanismo e medio ambiente, referente á solicitud de axuda á Consellería de Medio Ambiente para a redacción de PACES (código MT210A), que é como segue:

"Proposta de solicitud de axuda á Consellería de Medio Ambiente ao amparo da ORDE do 5 de maio de 2020 para a redacción de PACES (código de procedemento MT210A).

Vista a Orde da Consellería de Medio Ambiente de data do 5 de maio de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais asinantes do Pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía sustentable, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ao programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia non competitiva, para o ano 2020 (código de procedemento MT210A).

Visto que o Concello de Cangas, por acordo de Pleno de data do 26/04/2019, acordou a adhesión ao pacto dos alcaldes para o clima e a enerxía.

Visto que o Concello de Cangas, non ten elaborado un plan de acción para o clima e a enerxía sostible (PACES).

Visto que o Concello cumpre cos requisitos que a orde require e vista a documentación que consta no expediente, Propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar axuda para a redacción dun plan de acción para o clima e a enerxía sostible, aceptando todas as condicións e os requisitos establecidos nesta e Orde e demais normativa aplicable.





Segundo.- Certificar a remisión da conta xeral do Concello, correspondente ao exercicio 2018, ao Consello de Contas de Galicia.

Terceiro.- Autorizar ao Sr. alcalde-presidente, Xosé Manuel Pazos Varela, á sinatura da solicitude e demais trámites precisos na tramitación deste expediente".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.

Expediente 2310/2020. Proposta da alcaldía s/solicitude de adxudicación de equipamentos de emerxencias

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 04.06.2020 da alcaldía, referente á solicitude de adxudicación de equipamentos de emerxencias, que é como segue:

"Proposta de solicitude de adxudicación de equipamentos de emerxencias.

Vista a Orde de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de data do 4 de maio de 2020, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a adxudicación de equipamentos de emerxencias, en réxime de concorrencia competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos galegos, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

Visto que o Concello de Cangas cumpre cos requisitos que a orde require e vista a memoria redactada polo Servizo Municipal de Protección Civil, propoño á Xunta de Goberno local:

Primeiro.- Solicitar ao abeiro da orde citada a adxudicación do seguinte equipamento:

- Liña 3. Tenda de campaña para emerxencias.
- Liña 4. UTV (Utility Task Vehicle) con clasificación T1b.

Segundo.- Declarar, que non se solicitaron outras subvencións para os mesmos fins que os que se subvencionan con cargo á convocatoria de 2020, que cumpre cos requisitos previstos no artigo 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario dunha subvención e que cumpre cos requisitos previstos no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia, de estar ao día das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, sin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Terceiro.- Autorizar ao Sr. alcalde-presidente, Xosé Manuel Pazos Varela, á sinatura da solicitude e demais trámites precisos na tramitación do expediente".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.





Expediente 15/2020. Proposta da alcaldía s/aprobación de expediente de contratación "C20/2_Servizo de balizamento de praias"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de data 05.06.2020 da alcaldía, referente á aprobación de expediente de contratación "C20/2_Servizo de balizamento de praias", que é como segue:

"Expediente núm.: 15/2020

Contrato: C20/2_Servizo de balizamento de praias

Asunto: proposta de aprobación de expediente de contratación

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.02.2020 polo que se inicia o expediente de contratación para a adjudicación do contrato administrativo de servizo de balizamento (Lote 1) e vixilancia e socorrismo en praias (lote 2).

Tendo en conta as circunstancias actuais derivadas da crise sanitaria provocada polo COVID-19 considérase máis oportuno asumir o servizo de vixilancia e socorrismo e non proceder a súa licitación.

Visto que a intervención municipal incorporou ao expediente documento contable de retención de crédito por importe de trinta e oito mil cen euros (38.100,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 1721.22799 (número de operación 22020000035).

Visto que o se incluíron no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), así como o cadro de características do contrato (CCC) e o prego de prescricións técnicas (PPT), que rexerán esta licitación e que constan no expediente os preceptivos informes de secretaría e intervención (referencia SCM/122/20) ambos os dous de data 03.06.2020.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Desistir da licitación do lote 2 relativo ao servizo de vixilancia e socorrismo e praias acordada pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 17.02.2020.

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación do servizo de balizamento en praias xunto co PCAP, CCC e PPT que rexerán o procedemento de licitación e que constan anexos a esta proposta.

Terceiro.- Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 1721.22799 do vixente orzamento municipal.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante.

Quinto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de apoio xurídico e intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita, xunto cos pregos que se anexan nela.





Expediente 6287/2018. Proposta do concelleiro de urbanismo e medio ambiente s/solicitud de prórroga á Deputación de Pontevedra na xustificación da axuda concedida para a creación de parques forestais -segundo convocatoria 2018 (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aprobar o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Vista a proposta de data 08.06.2020 do concelleiro de urbanismo e medio ambiente, referente á solicitude de prórroga á Deputación de Pontevedra na xustificación da axuda concedida para a creación de parques forestais - segundo convocatoria 2018, que é como segue:

"Asunto: SOLICITUDE DE PRÓRROGA Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NA XUSTIFICACIÓN DA AXUDA CONCEDIDA PARA A CREACIÓN DE PARQUES FORESTAIS, SEGUNDO CONVOCATORIA 2018

Formulada solicitude de subvención á Deputación de Pontevedra, ao abeiro das bases publicadas no BOPPO nº 247, do día 27 de decembro de 2018, de segunda convocatoria de subvencións a concellos da Deputación Provincial de Pontevedra, destinada á mellora dos montes mediante a creación de parques forestais.

Visto acordo da Xunta de Goberno Local da Deputación de Pontevedra de concesión de axuda, de data do 31.06.2019, polo importe de trinta e catro mil dez euros con vinte céntimos (34.010,20 €), para a execución do proxecto solicitado, 'Mellora dos montes mediante a creación do proxecto integral do Parque Forestal Varalonga-Vilariño'.

Vistos os retrasos producidos ultimamente fan preciso modificar o cronograma de execución dos traballos.

Establecendo a cláusula décimo terceira das bases, que os beneficiarios deberán ter executadas as actuacións para que se conceden as axudas antes do 30 de xuño de 2020, para a liña 2 e xustificadas estas antes de 30 de setembro de 2020 e ante a imposibilidade de ter executada a devandita actuación nos prazos establecidos, propónse á Xunta de Goberno Local.

Primeiro.- Solicitar unha prórroga de execución dos traballos da subvención concedida para a 'Execución de actuacións no Parque Forestal de Varalonga-Vilariño' ata o 30 de decembro de 2020.

Segundo.- Dar traslado do acordo que se adopte, achegando tamén o anexo do novo cronograma á Deputación de Pontevedra, servizo de contratación, intervención municipal e subvencións".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita.





Expediente 1128/2020. Proposta da Alcaldía s/aprobación de expediente de contratación do servizo de redacción de proxecto e dirección de obra "Renovación da iluminación exterior do Concello de Cangas – IDAE" (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Ratificación da inclusión na orde do día e declaración da urxencia: de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do Rd 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aprobar o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda declarar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

Vista a proposta de data 05.06.2020 da alcaldía, referente á aprobación de expediente de contratación do servizo de redacción de proxecto e dirección de obra "Renovación da iluminación exterior do Concello de Cangas - IDAE", que é como segue:

"Expediente: 1128/2020

Contrato: C20/9_ *Servizo de redacción de proxecto e dirección de obra 'Renovación da iluminación exterior do Concello de Cangas - IDAE'*

Asunto: *proposta de aprobación de expediente de contratación*

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 02.03.2020 polo que se inicia o expediente de contratación para a adxudicación do contrato administrativo de servizo de redacción de proxecto e dirección da obra 'Renovación da iluminación exterior do Concello de Cangas'.

Visto que a intervención municipal incorporou ao expediente en data 16.03.2020 documento contable de retención de crédito, por importe de cento cincuenta e nove mil novecentos noventa e oito euros con trinta céntimos (159.998,30 €), con cargo á aplicación orzamentaria 165.619 (número de operación 220200002357).

Visto que o se incluíron no expediente o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e o cadro de características do contrato (CCC), así como os pregos de prescricións técnicas (PPT) que rexerán esta licitación e que constan no expediente os preceptivos informes de secretaría, informe nº 2020-0011 de data 4.06.2020 e de intervención, informe 2020-0170 (referencia SCM/129/20) de data 05.06.2020.

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- *Aprobar o expediente de contratación do servizo de redacción de proxecto e dirección de obra 'Renovación da iluminación exterior do Concello de Cangas – IDAE', xunto co PCAP, CCC e PPT que rexerán o procedemento de licitación e que constan anexos a esta proposta.*

Segundo.- *Autorizar o gasto que para o Concello supón esta contratación con cargo á aplicación 165.619 do vixente orzamento municipal.*





Concello de Cangas

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, debendo publicar o correspondente anuncio de licitación no perfil do contratante.

Cuarto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de contratación e intervención".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita, xunto cos pregos que se anexan nela.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de resolucións da alcaldía de comunicacións previas de obras e actividades

A Xunta de Goberno Local queda informada dos seguintes decretos da alcaldía:

- Decreto nº 2020-0872 de data 01.06.2020
- Decreto nº 2020-0845 de data 28.05.2020

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castela, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Cod. Validación: 3FZYESHAMX3DSQAQHGW35ZSN3 | Corrección: <https://cangas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 23